XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Medios

Edificio administrativo de San Caetano, s/n

15781 Santiago de Compostela

Telf.: 981 545922

galicia

***Asunto**: Solicitude de acceso a información pública*
***Interesado/a:** Miguel Angel Delgado González*
***Expediente**: TR_8/2019*

Vista a solicitude de acceso á información pública presentada o 17 de setembro de 2019 por Miguel Ángel Delgado González, con DNI núm. 32413124Y e domicilio na rúa Juán Castro Mosquera, 28, 2º, 15005 A Coruña, que deu lugar ao inicio do procedemento para o exercicio do dereito de acceso a información, dítase a presente resolución en base aos seguintes,

## FEITOS

PRIMEIRO- O 17 de setembro de 2019, Miguel Ángel Delgado González presentou un escrito de solicitude de acceso a información pública relativa á viaxe a Arxentina de altos cargos do PpdeG con responsabilidades na Xunta de Galicia.

SEGUNDO - O 10 e o 19 de outubro de 2018, Miguel Ángel Delgado González presentou escritos de recusación da secretaria xeral de Medios en relación a todos os expedientes relacionados coa súa persoa e coa entidade PLADESEMAPESGA, que foi estimado por Acordo do 5 de novembro de 2018, do Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia e Administracións Públicas, no que se nomea como substituto ao subdirector xeral de Réxime Xurídico, da Secretaría Xeral de Medios.

TERCEIRO - Analizada a solicitude de acceso á información pública formulada obsérvase que a información solicitada pertence a varios departamentos da Xunta de Galicia, que son os que en definitiva dispoñen da información relativa as distintas actuacións realizadas durante a viaxe.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO- Competencia

De conformidade co artigo 27.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no ámbito do sector público autonómico, a competencia para a resolución da solicitude de acceso a información relativa a comunicación audiovisual corresponderá á persoa titular da secretaría xeral de Medios.



Xacobeo 2021

CVE: Sm9wP6UIU9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Non obstante, de conformidade co Acordo do 5 de novembro de 2018, do Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia e Administracións Públicas, polo que se admite o incidente de recusación formulado polo interesado, a competencia para resolver este procedemento administrativo corresponderá ao subdirector xeral de Réxime Xurídico da Secretaría Xeral de Medios.

SEGUNDO- Normativa aplicable

- Lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

- Orde do 3 de marzo de 2016 pola que se aproba o modelo normalizado de solicitude de acceso á información pública da Administración xeral e das entidades integrantes do sector público autonómico de Galicia.

- Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes de Presidencia da Xunta de Galicia.

TERCEIRO- Prazo

De conformidade co artigo 27.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, *"a resolución na que se conceda ou denegue o acceso deberá notificarse, á persoa solicitante e aos terceiros afectados que así o solicitaran, o antes posible e, como máis tarde, no prazo máximo dun mes desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver".*

CUARTO- En canto a análise da información solicitada, compre destacar que o artigo 24 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, regula o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como "os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren no poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da presente lei e que foran elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións". Polo tanto, a Lei define o obxecto dunha solicitude de acceso á información en relación coa información que xa existe, por canto está en posesión do organismo que recibe a solicitude, ben porque el mesmo o elaborou ou ben porque a obtivo no exercicio das funcións e competencias que teñen encomendadas.

Neste caso, a información solicitada sobre esta viaxe, como sobre calquera outra viaxe institucional, enmárcanse dentro das políticas públicas impulsadas pola Xunta de Galicia que implican unha actuación conxunta por parte de todos aqueles departamentos interesados que van a ter unha participación nos actos previstos, dos que resultarían uns compromisos de gastos que serían asumidos por cada un deles.

Deste xeito, a información que se solicita non é unha información que se atope dispoñible, se non que habería que elaborala ad hoc para facilitarlla ao solicitante, pois habería que



Xacobeo 2021

CVE: Sm9wP6UIU9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

recabar a información dos diferentes departamentos participantes nesta viaxe para poder elaborar expresamente unha resposta á solicitude formulada. En definitiva, para facilitar a información solicitada ha de levarse a cabo un novo tratamento da información, o que requiriría realizar por parte da Secretaría Xeral de Medios unha acción de reelaboración.

De conformidade co artigo 18.1c) da Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno, será causa de inadmisión a trámite as solicitudes relativas á información para cuxa divulgación sea necesaria unha acción previa de reelaboración.

Neste senso, hai que traer a colación a sentenza da Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional do 24 de xaneiro de 2017: " *(...) Pero el derecho a la información no puede ser confundido con el derecho a la confección de un informe por un órgano público a instancia de un particular. Es por ello por lo que el mencionado art. 18.1c permite la inadmisión de una solicitud cuando la información que se solicita requiere una elaboración y tarea de confección por no ser fácilmente asequible acceder a ella, pero sin que ello signifique deba ser objeto de una interpretación amplia. Por consiguiente, es indiferente que dicha información obre en poder de la Administración o ente público encargada de dispensarla. Y en estos términos hay que interpretar el art. 13 de dicha Ley. De lo contrario se estaría alterando el objeto y espíritu de dicha Ley, que no parece haber convertido el derecho a la información pública en el derecho a obtener un informe solicitado sin previa tramitación de un procedimiento administrativo y con la finalidad de preparar la resolución que ponga término al mismo (art.82 de la Ley 30/1992)"*

De acordo coa motivación exposta e segundo o establecido nos artigos 26 e 27 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno,

RESOLVO

Inadmitir a solicitude de acceso á información formulada por Miguel Ángel Delgado González, de acordo co artigo 18.1c) da Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno, por tratarse dunha solicitude relativa a información para cuxa divulgación é necesaria unha acción previa de reelaboración.

Contra esta resolución, que pon fin a la vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación ou, previa e potestativamente, poderase interpoñer reclamación ante a Valedora do Pobo no prazo de un mes´contado a partir do día seguinte ao da súa notificación.



Xacobeo 2021

CVE: Sm9wP6UIU9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Notifícaselle esta resolución a Miguel Ángel Delgado González, con DNI núm. 32413124Y, por medio de notificación electrónica elixida como preferente na súa solicitude, segundo o esixido nos artigos 40 e 41 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica que figura á marxe

A secretaria xeral de Medios

*(por substitución, segundo Acordo do 5 de novembro de 2018, do Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia e Administracións Públicas)*

O subdirector xeral de Réxime Xurídico

Enrique González Murga

**Asinado por:** GONZALEZ MURGA, ENRIQUE
**Cargo:** Subdirección Xeral de Réxime Xurídico
**Data e hora:** 18/10/2019 14:03:53



Xacobeo 2021

**CVE:** Sm9wP6UIU9
**Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve